

Recomendación dirixida a Consellería de Política Social e Xuventude referente a reforma da normativa da valoración da discapacidade para dar prioridade a todas as persoas que acrediten ser vítimas de violencia de xénero

Expediente: G.6.Q/5070/23

Relacionado cos Q/3961/22 e Q/299/23

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao retraso dunha valoración de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que “xa fai tempo que solicitei o adianto da valoración do grado de discapacidade. Actualmente son pensionista de grado incapacidade absoluta, pero por este motivo de non ter recoñecido o grado quedo fora de axudas e a miña situación económica non é boa. Convivo cos meus fillos e teño que facer fronte a moitos gastos causados tamén pola miña enfermidade. Solicita poder adiantar a cita. No se día entreguei tamén acreditación de vítima de violencia de xénero, xa que a asistente social díxome que dese xeito poderían adiantala”. Nun escrito posterior a reclamante sinalou que ten unha sentenza por violencia de xénero que aporta, xunto cunha acreditación formal desa circunstancia.

2. Polo sinalado requirimos da Consellería de Política Social e Xuventude que facilitara informe. Respondeu o seguinte:

“Como consecuencia dun escrito de XXX referente ao retraso dunha valoración de discapacidade iniciouse expediente de queixa perante a valedora do pobo.

En escrito desa institución de data 21/03/2023 indícase:...

Dando cumprimento ao sinalado emítese o seguinte:

INFORME COMPLEMENTARIO

Primeiro. XXX non aportara no expediente de discapacidade a documentación que aporta agora no expediente de queixa perante a

valedora do pobo, isto é, sentenza..., de data ... do Xulgado do Penal... e acreditación formal desa circunstancia.

Segundo. De acordo co disposto no artigo 16.2 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, daráselle prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas: Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. Menores de 18 anos. Maiores de 90 anos. Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo. Caducidade da valoración do grao de discapacidade. Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo á violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Terceiro. Tal e como se indica no precepto indicado, no caso recollido no apartado g), para que unha solicitude se tramite como urxente é preciso acreditar documentalmente o cumprimento de dous requisitos:

Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo á violencia de xénero

Que o referido proceso poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Cuarto. A documentación aportada por XXX máis alá de acreditar a situación de violencia de xénero da persoa solicitante, non acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 16.2.g) da Orde do 25 de novembro de 2015”.

ANÁLISE

1. A consellería explica que aplica a previsión da normativa actual, que condiciona a prioridade da valoración das persoas que foran vítimas de violencia de xénero á existencia dun proceso ou procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo á violencia de xénero, e a que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

2. O anterior deixa fora da priorización que tratamos a gran parte das persoas que acreditan ser vítimas de violencia de xénero, como é o caso da persoa que promoveu a presente queixa. En realidade deixa fora dese trámite urxente a todas as que xa teñan dita condición de acordo coa lei, pero non teñan un procedemento en curso que se poda ver condicionado pola posible cualificación como persoa con discapacidade.

3. Ao respecto o artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece que “as situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos regulados neste capítulo se acreditarán mediante unha sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero, unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero. Tamén poderán acreditarse as situacións de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente; ou por calquera outro título, sempre que elo estea previsto nas disposicións normativas de carácter sectorial que regulen o acceso a cada un dos dereitos e recursos. O Goberno e as Comunidades Autónomas, no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade, deseñarán, de común acordo, os procedementos básicos que permitan poñer en marcha os sistemas de acreditación das situacións de violencia de xénero”.

4. Efectivamente, o artigo 16.2 da Orde do 25 de novembro de 2015, que regula a prioridade ou “solicitudes urxentes” por violencia de xénero, establece que se dará preferencia aos casos nos que exista “un procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo á violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade”. Por tanto, vincula a prioridade a un aspecto instrumental respecto dun procedemento que se ten que atopar en curso. Con iso limita de forma considerable o ámbito da protección engadida que resultaría da priorización das valoracións de discapacidade para as persoas vítimas de violencia de xénero.

5. Porén, deberá terse en conta que as mulleres con discapacidade poden verse sometidas unha discriminación múltiple, polo feito de ser muller, de padecer discapacidade e por ser vítimas de violencia de xénero.

Ademais, a violencia que sofren as mulleres con discapacidade resulta ser máis duradeira, o que débese a ese factor de vulnerabilidade. A porcentaxe de mulleres que sofre violencia de longa duración -a que supera os 5 anos- é dun 67%

en mulleres sen discapacidade, mentres que nas mulleres con discapacidade a porcentaxe aumenta considerablemente ata chegar ao 83%.

6. A iso hai que engadir que unha das acusadas consecuencias do exercicio da violencia de xénero contra as mulleres pode ser a discapacidade, e que esta non se valora nos prazos previstos regulamentariamente, senón que soe prolongarse máis do debido, como recoñece a propia consellería competente e sinalamos en moitas ocasións (recomendacións, informes ao Parlamento...).

7. Un dos factores esenciais para facer efectivos os dereitos das vítimas de violencia de xénero é a rápida valoración da súa posible discapacidade, de tal forma que, en caso de resultar positiva, esas persoas accedan canto antes aos correspondentes beneficios.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

Que se promova a reforma da normativa reguladora do procedemento para a valoración da discapacidade para dar prioridade a todas as persoas que acrediten ser vítimas de violencia de xénero.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo